

## «Xogos Florais» conmemorativos do centenario do nacemento das Irmandades da Fala

### Bases para o I Certame de Poesía:

1. Poderán optar ao premio todos os autores/as que o desexen atendendo ás dúas categorías seguintes:
  - √ Mozas/os: desde os 12 ata os 18 anos.
  - √ Adultos: maiores de 18 anos (ou cumpridos a partir da data de convocatoria, 15 de marzo de 2016).
2. Fixaranse un total de catro premios en cada categoría que consistirán na entrega dunha flor natural e unha medalla conmemorativa dos Xogos Florais. Tamén se poderán conceder accésits a aqueles poemas que non fosen premiados, se o Xurado do certame así o considera.
3. Os textos presentados deberán ser orixinais e inéditos e estar escritos en lingua galega.
4. O tema será libre cunha extensión mínima de 10 versos e máxima de 40 versos.
5. Só se admitirá un único poema por participante.
6. Deberán entregarse 5 copias dos traballos, mecanografados, e asinados cun pseudónimo, desbotándose do concurso aqueles nos que poida ser identificado o/a seu/súa autor/a. Entregarase tamén un sobre pechado á parte que leve no seu exterior o mesmo pseudónimo empregado no poema e maila categoría na que participa. No seu interior deberá figurar o nome e apelidos do autor ou autora, fotocopia do DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve currículo. No caso de que as persoas participantes sexan menores de idade, deberán presentar, dentro do dito sobre, a autorización do pai/ nai/ titor legal así como a copia do DNI ou pasaporte da persoa que autoriza a participación.
7. Os poemas poderán ser entregados na Biblioteca Municipal de Ponteareas (Rúa A Perillana, 11), ou envialos por correo electrónico ao enderezo: [bibliotecamuseo@ponteareas.es](mailto:bibliotecamuseo@ponteareas.es). En caso de optar por esta

fórmula, deberán enviarse en documentos separados e, no mesmo correo, o texto “I Certame de Poesía”, e unha folla cos datos de identificación e copia do DNI, ambos en formato “.pdf”, así como os documentos que deban presentar as persoas menores de idade. O persoal da Biblioteca vixiará polo anonimato destes textos.

8. O prazo de admisión de orixinais estará aberto ata o 30 de abril.
9. O xurado estará presidido polo alcalde do Concello, ou persoa en quen delegue, e integrado por outras tres persoas vencelladas a literatura galega e unha persoa traballadora da Biblioteca-Museo que actuará como secretaria con voz e sen voto. As súas deliberacións serán secretas e delas estenderase a acta correspondente. A súa decisión farase pública con antelación á celebración dos Xogos Florais.
10. As persoas galardoadas deberán estar necesariamente presentes nos Xogos Florais que se celebrarán con motivo da conmemoración do Centenario do nacemento das Irmandades da Fala. Terán lugar no Auditorio Municipal de Ponteareas, durante o mes de maio. Nese acto deberán ler os seus traballos e faráselles entrega do galardón.
11. O Concello de Ponteareas reservarase o dereito de publicar as obras galardoadas nun libro conmemorativo do evento, do que cada autor galardoado recibirá como agasallo un total de 10 exemplares.
12. As obras non premiadas poderán ser retiradas polos seus autores ou polas persoas nas que deleguen, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á celebración do acto. A retirada farase persoalmente na Biblioteca e non se devolverán traballos por outros medios. As obras que non sexan retiradas no prazo indicado, serán destruídas.
13. Correspóndelle ao xurado a interpretación das presentes bases. A participación nesta convocatoria supón a aceptación das bases así como a decisión do xurado.
14. As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios municipal, na páxina web e no taboleiro da Biblioteca- Museo de Ponteareas.